



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BUEU CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2023**

*“Penélope volve tecer a súa historia*

*Como a primeira vez”.*

Marta Dacosta

Non cesaremos de berrar ben alto que o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres é un día para reivindicar, para seguir reclamando que as mulleres, que somos máis da metade da poboación mundial, teriamos que posuír os mesmos dereitos ca os homes. Esta data, declarada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no 1997, pretende facernos reflexionar sobre os dereitos das mulleres e das nenas, e reclamar a igualdade efectiva e real entre as mulleres e os homes co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta.

É certo que a nivel legislativo, e froito do gran traballo e loita das que viñeron antes ca nós, conseguimos importantes avances, que se manifestaron en modificacións a nivel legislativo. Con todo, eses cambios legais non sempre repercutiron socialmente, e aínda queda moito por facer e sachar. A conciliación laboral e familiar; a corresponsabilidade dos homes nos coidados; o emprendemento feminino; a racionalización de horarios; a loita pola non discriminación; a igualdade laboral; o empoderamento; a igualdade salarial; a sensibilización dos e das menores, dos e das adolescentes; a educación en igualdade; a loita contra a trata e a explotación sexual, así como todas as formas de violencia machista fan que debemos continuar traballando e esforzándonos dende todas as institucións e ámbitos sociais para chegar a unha igualdade real e efectiva. De feito, a corporación municipal deste Concello aprobou no pleno do pasado mes de febreiro unha moción na que se acordou instar ás distintas administracións a reevaluar as medidas tomadas en materia de igualdade e en contra da violencia de xénero e a impulsar as decisións necesarias para loitar contra a desigualdade co apoio das diferentes forzas políticas.

Eses cambios legislativos aprobados nos últimos anos supuxeron pasos importantes á fronte na loita contra a violencia machista, pero resultan insuficientes para erradicar todas as formas de violencia e discriminación que o patriarcado exerce contra as mulleres. Non chega con aprobar normas, urxe avanzar na posta a disposición os recursos xudiciais, asistenciais, económicos e de protección necesarios para tentar rematar con este problema social, que afecta en maior medida aos municipios con menor poboación.

Neste 8 de marzo de 2023, cinco anos despois da folga feminista de 2018 que demostrou que se as mulleres parabamos, se paraba o mundo, seguimos a reivindicar as mesmas consignas, pois é importante que coloquemos no centro do debate feminista a discusión sobre o traballo doméstico e os coidados, esas actividades cotiás que sosteñen o día a día e que levan a cabo na súa ampla maioría as mulleres. Máis ca nunca é



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vicenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

necesario que continuemos a falar de todo isto e da feminización da pobreza, e tamén da prostitución e da necesidade de que a sociedade actúe en conxunto e entenda que a loita pola igualdade é cuestión de todos e de todas.

Os datos entresacados de numerosos estudos son demoledores en canto ás desigualdades que sofren as mulleres e que se manifestan de múltiples formas e a diversos niveis; iso demostra que a vida das mulleres é manifestamente peor que a dos homes. Así se reflicte no acceso, a participación e a promoción laboral, nos salarios, na precariedade laboral, nas pensións, no reparto do traballo doméstico e de coidados, na dispoñibilidade de tempo, na fenda dixital de xénero, na menor presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, na representación dos órganos de maior poder político, xudicial ou económico, na participación social, deportiva e cultural no predominio de problemas de saúde mental, na maior dificultade de acceso aos recursos básicos para vivir, e no incremento da vulnerabilidade fronte á explotación e a violencia machista. Unha violencia machista que é a manifestación máis atroz da desigualdade entre mulleres e homes que remata con moitos asasinatos. As mulleres e nenas sofren, ademais, múltiples formas de discriminación, entre outras, por razóns de orixe étnico ou racial, por discapacidade, relixión, ou orientación sexual e identidade de xénero.

Malia ao carácter universal do dereito á igualdade, aínda son moitas as mulleres que non poden exercer os seus dereitos fundamentais como seres humanos. Moitas continúan a sufrir todo tipo de escravitude e discriminacións. E ante todo iso, nós non debemos ollar para outro lado.

Esta é unha loita de todas e todos, da sociedade no seu conxunto. Por iso dende o Concello de Bueu levamos moitos anos traballando no deseño de políticas de concienciación, que se deseñan anualmente e que se recollen nos plans de igualdade. Así mesmo, tamén levamos a cabo actividades como obradoiros e charlas nos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria, cos que tentamos conseguir a concienciación dende a educación. Cremos, pois, que é importante unir todos os recursos e traballar na prevención para conseguir unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria.

Por todo o anterior, dende o Concello de Bueu **DECLARAMOS:**

1. A nosa preocupación ante o aumento da fenda de xénero por mor da destrución e das altas taxas de emprego temporal nas mulleres.
2. A necesidade dunha resposta coordinada que integre a perspectiva de xénero como fío condutor no deseño de solucións que contribúan a diminuír a crise económica e social que prexudica claramente ás mulleres.



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

3. A urxencia de que se destinen máis recursos xudiciais, asistenciais, económicos e de protección para tentar erradicar estas desigualdades.
4. A necesidade urxente de que se entenda o feminismo como unha loita social de todos e de todas, capaz de unir as forzas para acadar a igualdade real entre homes e mulleres.
5. A denuncia dos discursos políticos e sociais que insisten no recorte dos dereitos para as mulleres ou que neguen as violencias machistas.
6. O noso firme compromiso para continuar, dentro das nosas competencias, a promover accións e proxectos que fomenten a igualdade e, concretamente, a iniciar nos próximos meses os trámites necesarios para o nomeamento dunha praza ou espazo público como “Praza das Mulleres”.

**Bueu, a 8 de marzo de 2023**